

A BIBLIOTECA AUMENTADA: MÁIS ALÁ DE “OS NENOS DA VARÍOLA”



PROXECTO INTERDISCIPLINAR COORDINADO POLA BIBLIOTECA ESCOLAR DO IES
AQUIS CELENIS

CURSO 2017-2018

1. Introducción. Xustificación do proxecto

O decreto 86/2015 do 25 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na nosa comunidade afirma no artigo 11, punto 9, *“para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara*



a resultados de aprendizaxe de máis de unha competencias ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar”.

O Por que?

No Aquis Celenis xa hai uns anos que nos iniciamos na dinámica dos traballos por proxectos, ben fose a través das liñas de formación do noso PFPP, mediante a participación en varios Proxecta ou incluso a raíz da organización de actividades de intercambio con centros escolares doutras comunidades autónomas ou de actividades intercentros dentro do Concello de Caldas (Semana da Ciencia, por exemplo). Até o de agora en todos estes proxectos nos fixamos como obxectivo o tratamento integrado das linguas do currículo ou a aplicación de dinámicas de aprendizaxe cooperativa entre o alumnado na aula. Neste curso quixemos ampliarmos os nosos obxectivos e fixámonos un máis: o fomento da lectura. Por isto nos pareceu necesario organizarmos un proxecto que estivese coordinado pola biblioteca e que aglutinase o maior número posible de profesorado e alumnado.

Na idea inicial estaba traballarmos distintos departamentos do centro a través dunha obra literaria porque queriamos transmitir a idea de que a lectura non só é unha oportunidade para o lecer ou unha ferramenta exclusiva das materias de Linguas senón que tamén podemos atopar nela unha fonte de información e unha oportunidade para profundar en temas de historia, de bioloxía, de xeografía, de moral... das disciplinas todas, en definitiva, un ingrediente fundamental na nosa formación persoal.

Por isto, conscientes de que entre o alumnado a **cultura do audiovisual** ten unha influencia total, quixemos aproveitar este tirón para motivalo a implicarse no proxecto.

Por outro lado, queríamos tamén que o noso proxecto servise para potenciar o uso da lingua galega no noso alumnado pois, dada a situación de continua perda de falantes entre a mocidade e o pouco apoio que ten en medios de comunicación, pensamos que a escola (e a biblioteca escolar en particular) ten a obriga de ser un axente activo na dinamización do galego. Pensamos que, dada a relevancia que ían ter no desenvolvemento do proxecto as novas tecnoloxías da comunicación, podía ser moi acaído para conseguirmos este obxectivo.

Ademais, queríamos tamén crearmos un produto con proxección de futuro: que motive cara á lectura tamén a alumnado que se achegue á biblioteca nos cursos sucesivos. É dicir, o noso obxectivo era enfocar este proxecto como unha **aprendizaxe-servizo**: o noso alumnado aprende facendo e axuda na aprendizaxe das futuras promocións.

O para que?

Ao encetarmos un proxecto deste tipo facémolo sabedores e sabedoras de que este tipo de metodoloxía de traballo por proxectos é a máis acaída para logramos que o alumnado acade as competencias clave, é dicir, aqueles coñecementos, destrezas e actitudes que todos precisamos para a realización e desenvolvemento persoal e a inclusión na sociedade. O noso obxectivo á hora de deseñar as actividades e o(s) produto(s) finais nas diferentes materias foi a consecución das seguintes competencias:

❖ Competencia en Comunicación lingüística (CL).

Esta competencia implica unha actuación comunicativa na que o alumnado actúa con outros interlocutores a través de textos, nunha ou varias linguas (neste caso en galego, portugués e inglés), en diversos formatos e soportes, e de xeito individual ou colectivo. O que queríamos era que o noso alumnado fose produtor e receptor de mensaxes de diversas modalidades e mediante diferentes soportes de comunicación: oral e escrito, pero tamén audiovisuais e mediados polas TICs.

❖ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CCMCT)

Esta competencia proporciona un achegamento ao mundo físico e a interacción responsable con el. A nosa intención foi que o noso alumnado usase os coñecementos adquiridos nas materias (Física e Química, Bioloxía, Xeografía, TIC) para, a través do método científico, explicar a natureza, formular preguntas e extraer conclusións.

❖ Competencia dixital (CD)

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Para a elaboración dos produtos finais, o alumnado tería que buscar en internet e seleccionar a información precisa, debería empregar as ferramentas que permiten o traballo colaborativo, manexar mecanismos de almacenamento de información... pero tamén tería que ser quen de xerar contidos empregando diversas ferramentas dixitais.

❖ Aprender a aprender (CAA)

Esta competencia busca que o alumnado sexa quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo, que adquira capacidade para motivarse a

aprender, curiosidade e autorregulación do propio proceso de aprendizaxe. Neste sentido, marcar como obxectivo a elaboración dun produto final conxunto implica a necesidade de planificación nos tempos e de organización, non só no traballo de realización individual senón tamén cos compañeiros e compañeiras integrantes dun determinado equipo; por todo isto, é unha das ferramentas máis acaídas para a consecución desta competencia.

❖ **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Para acadar estas competencias, de tipo persoal e tamén interpersoais, cómpre que o alumnado participe dun xeito eficaz e construtivo na vida social e sexa quen de resolver os conflitos que xorden na interrelación cos compañeiros e compañeiras e de xestionar aquelas outras situacións ás que se ten que enfrontar na preparación do seu traballo. En todas e cada unha das tarefas planificadas para as diferentes materias, a adquisición desta competencia ocupa un papel destacado por iso se emprega como metodoloxía o traballo cooperativo.

❖ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Esta habilidade refírese á capacidade de asumir riscos e á habilidade de atreverse a transformar as ideas en actos. Está relacionada coa creatividade e a innovación, así como coa planificación das accións necesarias para desenvolver proxectos, individuais ou colectivos, e responsabilizarse deles, tanto no ámbito persoal coma no social e laboral.

❖ **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizándoas como fonte de enriquecemento persoal e colectivo. Tamén a adquisición desta competencia é especialmente relevante no noso proxecto, non en van un dos nosos obxectivos é a promoción da lectura, máis alén disto, hai outros valores nos que quixemos incidir especialmente, como se explicará máis adiante.

Por suposto, para acadar estas competencias, cada profesor/a de cada unha das materias implicadas seleccionou os contidos e os estándares que ía traballar co alumnado e tamén os criterios de avaliación que ía empregar, de acordo co estipulado previamente nas respectivas programacións. Detallamos esta información referida a cada unha das materias e cursos no seguinte enlace:

https://docs.google.com/document/d/1gnkxsOEOfkzDvAgzYf9f6D_Jnhj2c9NSgF4I9PZ2BA/edit

O Como?

Pareceunos que a mellor maneira de enfocarmos este proxecto era a través, de novo, dunha liña no noso PFPP que, ao mesmo tempo que nos ía ofrecer as horas necesarias para as reunións entre o profesorado participante, nos permitise tamén a formación naqueles aspectos que considerásemos precisos.

Por outra banda, dado que a biblioteca do centro aínda non está moi integrada na práctica docente do profesorado, consideramos que organizar o proxecto deste xeito íanos permitir outorgarlle un papel central na planificación das tarefas e consolidar

cara ao futuro unha maior implicación desta nas programacións didácticas das diferentes materias.

O Quen?

Queríamos que o proxecto implicase o maior número de alumnado e profesorado do centro, mais, como é habitual, ao final rematamos por centrarnos máis nos grupos da ESO e nalgúns de primeiro de bacharelato porque a esixencia curricular de segundo de bacharelato desanimou de emprender calquera tipo experiencia que supuxera unha desviación na atención do alumnado.

En concreto, participaron no proxecto a través da realización de actividades planificadas nas aulas todo o alumnado da ESO e tamén o matriculado nas materias de TIC e de Ética e Filosofía do dereito de 1º e 2º de bacharelato, respectivamente. Ademais, colaborou de maneira máis indirecta a través da participación puntual nalguna actividade, o resto dos cursos de primeiro de bacharelato.

En canto á participación do profesorado, implicáronse 9 departamentos (incluíndo a biblioteca) e un total de 11 profesoras/es e os dous auxiliares de conversa (o de lingua inglesa e a de lingua portuguesa), son os seguintes: Lingua Galega: Ana María Rial Aparicio; Portugués/Lingua galega: Cristina M.ª López Graça; auxiliar de conversa de portugués: Marina Gonçalves; Lingua inglesa/Lingua e literatura castelá: Vanessa Fernández Pampín; auxiliar de conversa de inglés: Benjamín Morales; Música: Pedro Manuel Lamas Carral; Xeografía e Historia: Miguel Ángel Andújar Otero e José Formigo Couceiro; Física e Química: María Enriqueta Sánchez Ameijeiras; Tecnoloxía / TIC: María Inés González Rodríguez e Rexina Ortigueira Lestón; Bioloxía: Margarita Carolina García Castro; Biblioteca/Filosofía: Begoña Fontenla Alonso. Nas etapas iniciais de formación tamén participaron os departamentos de Latín e Grego, de Educación Física (as dúas docentes pertencentes neste curso ao Equipo de Biblioteca e unha delas coordinadora do EDLG), e de Matemáticas, aínda que na fase final de elaboración do proxecto non puideron levalo ás aulas co seu alumnado.

2. Obxecto ou temática de investigación propostos.

Parafraseando a Rosalía... *Mellor que explicalo fora contalo...*



<https://youtu.be/hUN3vN5CMfk>

Daquela, o noso obxecto de investigación foi a **realidade aumentada**, pero non só. A temática que se trata na obra *Os nenos da varíola* abríanos un amplo abano de posibilidades para a investigación. En primeiro lugar pensabamos que o libro de María Solar era unha oportunidade para coñecermos unha parte da historia do pobo galego que permanece descoñecida para a maioría da sociedade, e que tivo especial relevancia no desenvolvemento da medicina a nivel mundial. O noso alumnado (e o profesorado tamén) descubriu aspectos da historia que non aparecen nos manuais: que desde o orfanato da Coruña nenos e nenas transportaron nos seus corpos a vacina da varíola a América, o papel tan significativo que desempeñaron algunhas mulleres como Isabel Zendán, a case nula consideración que se lle outorgaba a infancia en épocas pasadas...

Pero, alén destes obxectivos comúns e de contidos interdisciplinares como o manexo de fontes de información (dende a consulta nos fondos da biblioteca até o traballo de campo que implicaba a obtención de datos entre as familias), este proxecto tamén nos abría as portas a traballar co alumnado unha serie de investigacións sobre temas relacionados cos contidos curriculares particulares de distintas materias:

- Bioloxía: as vacinas
- Física e Química: a lactación materna
- Xeografía e Historia: As fontes históricas. Eixes cronolóxicos e mapas históricos
- Lingua galega: Os elementos do texto narrativo
- Linguas portuguesa, inglesas e galega: a dicción nas respectivas linguas
- Música: A transmisión de sensacións
- Tecnoloxía: Creación e edición de materiais audiovisuais
- Tecnoloxías da Información e da Comunicación: Creación e edición de materiais audiovisuais
- Ética e Filosofía do dereito: Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta

Na última Comisión Pedagóxica do curso 16/17, decidiuse en que liñas de formación iamos participar no curso 17/18. A biblioteca, animada pola dirección, propuxo solicitar formación sobre a realidade aumentada para coordinar un proxecto interdisciplinar e cooperativo arredor da lectura. A partir de aquí os pasos foron os seguintes:

1. Proposta a todo o profesorado participante da lectura da obra escollida e primeira reunión para poñer en común as diferentes propostas de traballo.

2. Sesións de formación nas ferramentas necesarias para crear a realidade aumentada.
3. Formulación do proxecto: crear unha versión dixital da obra *Os nenos da varíola* enriquecida a través da realidade aumentada, en principio só accesible para o alumnado do noso centro.
4. O profesorado participante seleccionou os contidos e estándares que ían desenvolver e os criterios de avaliación das actividades. A biblioteca propuxo as datas para as seguintes reunión e os prazos para ir realizando o traballo.
5. Comunicámonos coa editorial Galaxia para falarlles do noso proxecto. A verdade é que pese ás súas boas palabras fixéronnos saber que non lles agradaba a idea, pois tiñan medo a que se terminase difundindo nas redes e isto lles restase posibilidades de venda.
6. Reformulación do proxecto inicial: prescindir de traballar nunha versión dixital. Decidimos que toda a información “aumentada” produto dos diferentes traballos realizados (vídeos, audios, mapas...) se difundiría a través da incorporación dun mosaico de códigos QR¹ nas lapelas dos exemplares da obra cos que se conta na biblioteca do centro (ademais de ofrecer esta oportunidade a todas as bibliotecas que desexen empregalo).
7. A partir de aquí, todo o proxecto se desenvolveu segundo se explicita no apartado seguinte.



4. Documentación elaborada para profesorado e alumnado.



O papel da biblioteca foi de coordinación do proceso e de busca das posibilidades de formación, por iso toda a bibliografía e documentación precisa para achegar o profesorado implicado no proxecto á realidade aumentada non foi elaborada pola biblioteca senón que foi fornecida directamente polo poñente que nos formou nesta disciplina.



En canto ao alumnado, dado que todas as tarefas eran dirixidas dende cada unha das disciplinas implicadas no proxecto, foron os propios docentes os encargados de elaboralas. O papel da biblioteca foi o de fornecer o número suficiente de exemplares de *Os nenos da varíola* e o de facilitar o material bibliográfico preciso.

¹ Algúns destes códigos QR aparecen na táboa do punto 5. Escaneando ese código, con calquera lector de códigos que se teña descargado no móbil, poderase ver o produto da tarefa. Por razóns de espazo non se poden colocar todos na táboa, polo que aparecerá un enlace , [ver máis](#), ao blog da biblioteca onde se completa a información.


5. Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

MATERIA	ALUMNADO	TEMPORALIZACIÓN	TAREFA
LINGUA GALEGA	2º ESO	2º trimestre: Actividades en aula sobre a narración: tipos e elementos da narración literaria, prácticas de escrita. Introducción á obra <i>Os nenos da varíola</i> Lectura individual da obra	Elaboración dun vídeo-guía de lectura da obra, e de códigos QR asociados  Máis info
		3º trimestre Elaboración individual por parte do alumnado dunha guía de lectura a partir dunhas directrices dadas. Avaliación en equipos de traballo cooperativo do traballo individual realizado Elaboración en equipos de un guión para a un documental en vídeo sobre a lectura da obra Selección de imaxes relacionadas coa obra para acompañar o documental Gravación de vídeos Elaboración de códigos QR asociados aos distintos documentais. Selección-votación dun único vídeo-guía para colar difundir nos exemplares do libro da biblioteca.	
LINGUA PORTUGUESA	4º ESO	1º trimestre -Tres sesións para a lectura da obra e para a escolla de fragmentos, interpretación e coñecemento do léxico. 2º e 3º trimestre Tradución dos fragmentos ao portugués. Traballo coa dicción Gravación dos audios	Gravación de audios en portugués con fragmentos da obra traducidos polo propio alumnado.  Ver máis

MATERIA	ALUMNADO	TEMPORALIZACIÓN	TAREFA
INGLÉS	2º ESO	2º e 3º trimestre	<p>Gravación de audios en inglés con fragmentos da obra traducidos polo propio alumnado e elaboración de glosario de termos.</p> 
		<ul style="list-style-type: none"> -Tradución dos fragmentos seleccionados. -Práctica de lectura expresiva. -Gravación dos audios en inglés -Glosario de termos en inglés-galego -Realización de Códigos QR 	
MÚSICA	3º ESO	2º e 3º trimestre	<p>Gravación de composicións musicais que reflicten diferentes momentos emocionais da novela e elaboración de códigos QR para a súa difusión.</p>  <p>Ver máis</p>
		<ul style="list-style-type: none"> -Creación de letras baseadas en determinados momentos da obras. -Creación das composicións con escalas pentatónicas como elemento de linguaxe musical empregado en zonas de Sudamérica. - Interpretación e gravación en audio - Elaboración dos códigos QR 	

MATERIA	ALUMNADO	TEMPORALIZACIÓN	TAREFA
FÍSICA E QUÍMICA	4º ESO	3º trimestre	<p>Estudo sobre a lactación en Galicia e elaboración de gráficos pero sen concretalo en ningún produto</p>  <p>Máis info</p>
		<p>-Análise da composición do leite materno</p> <p>-Reflexión sobre os beneficios da lactación</p> <p>-Busca de datos en internet en webs de organismos oficiais sobre a lactación en Galicia</p> <p>-Investigación sobre os índices de lactación nas familias do alumnado e elaboración de gráficos cos resultados.</p>	
CIENCIAS DA NATUREZA	1º ESO	2º e 3º trimestre	<p>Vídeo sobre as vacinas</p>  <p>Máis info</p>
		<p>-Lectura de fragmentos da novela</p> <p>- Reflexión sobre a importancia das vacinas na obra e na historia da medicina.</p> <p>- Busca de información en internet e fontes bibliográficas. Indagación no ambiente familiar sobre a vacina.</p> <p>- Elaboración de fichas sobre a importancia das descubertas médicas.</p> <p>- Gravación do vídeo sobre o material elaborado</p>	
TECNOLOXÍA	4º ESO	<p>2º e 3º trimestre</p> <p>Manexo de diferentes aplicacións relacionadas coa realidade aumentada: Kahoots, Plikers, camisolas con realidade aumentada, a creación de debuxos para contos interactivos etc.</p>	<p>Ejercicios de aula sen relación coa obra.</p> <p>Creación de entradas no blog da biblioteca para albergar os traballos realizados en todo o proxecto.</p>

MATERIA	ALUMNADO	TEMPORALIZACIÓN	TAREFA
XEOGRAFÍA E HISTORIA	1º ESO	<p>3º trimestre</p> <p>Traballáronse na aula aspectos relacionados coa maternidade, tamén conceptos como a tradición das “amas de cría” na historia e o por que da súa existencia.</p> <p>As fontes históricas.</p>	<p>R e f l e x i ó n s relacionadas coa obra pero sen aplicación nunha tarefa concreta</p>
	4º ESO	<p>2º e 3º trimestre</p> <p>Seis sesións nas que se realizaron en grupo as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Selección e procesado da información -Manexo da aplicación Imovie para a elaboración dos mapas - Elaboración do mapa - Creación de códigos QR 	<p>Mapa interactivo sobre a expedición de Balmis e elaboración de códigos QR.</p>  <p>Máis info</p>
TIC	1º BACH	<p>3º trimestre</p> <p>Montaxe e edición dos vídeos realizados polo alumnado en Lingua Galega e en Ciencias da Natureza.</p> <p>Elaboración de códigos QR.</p>	<p>Edición e montaxe dos vídeos do alumnado de 2º ESO. (Todos os vídeos están no curso de TIC da AV, un exemplo:</p>  <p>Creación de códigos QR</p>

MATERIA	ALUMNADO	TEMPORALIZACIÓN	TAREFA
ÉTICA E FILOSOFÍA DO DEREITO	2º BACH	2º trimestre	Gravación dun vídeo sobre os dereitos dos nenos/as. 
		Reflexión sobre os dereitos humanos e os dereitos dos nenos/as Gravación de un vídeo sobre os dereitos dos nenos/as	
BIBLIOTECA	T o d o o alumnado	2º e 3º trimestre	Xogo de pistas a través de códigos QR Máis info
		Elaboración dun xogo con preguntas cuxas respostas ían incrustadas en códigos QR para conmemorar o día do libro	

6. Recursos utilizados

Para a formación do profesorado nas aplicacións precisas para crear a realidade aumentada, como xa se dixo, contamos coa axuda dun poñente, Manuel Fernández Álvarez, con quen aprendemos a usar as ferramentas que se detallan no seguinte enlace: Durante estas sesións co poñente, traballamos diferentes ferramentas, que compartimos no seguinte enlace:

<https://drive.google.com/drive/folders/1jzbz4VPdjKyKiloBbd29jWOLex0L5z8X>

Para a realización das tarefas, ademais dos libros de lectura, empregamos a tecnoloxía precisa: móbiles, cámara de fotos, cámara de vídeo, gravadora de audio, pantalla de crhoma, prompter, ordenadores... Ademais, para a comunicación, tanto entre o profesorado, como para o traballo en grupo nos equipos, facilitounos moito o emprego de google drive e tamén os grupos de whatsapp.

7. Implicación da comunidade educativa

Implicouse especialmente o profesorado e os auxiliares de conversa das respectivas linguas estranxeiras. En total 16 profesores/as, polo que podemos considerar que houbo unha alta participación.


Con respecto ao alumnado, como xa quedou dito, no proxecto participou o alumnado dos catro cursos da ESO, ademais do alumnado de dúas materias de bacharelato, é dicir, a repercusión do proxecto no alumnado podemos considerar que foi tamén moi ampla.

Por outra banda é destacable o apoio da dirección do centro a este proxecto. Non só porque tres dos membros do equipo directivo formaran parte do mesmo, senón porque asumiu os custos económicos e de gastos de material e saídas a charlas que houbo que facer, non só non poñendo problemas senón animando a realizalos.

Tamén hai que destacar o papel das familias, que participaron achegando os datos precisos para a investigación sobre aspectos como a lactación ou as vacinas.

8. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa

Precisamente un dos aspectos máis relevantes deste proxecto era a difusión das tarefas realizadas pois, como dixemos no inicio, enfocámolo como unha experiencia de aprendizaxe-servizo onde o obxectivo fundamental é que os lectores de *Os nenos da varíola* teñan ao seu alcance unha abondosa información sobre a obra. Por iso o noso produto final non é outro que un mosaico de códigos QR que se insire na lapela dos exemplares da novela dos que dispoñemos na biblioteca do centro.



Por suposto, todas as tarefas realizadas están á disposición da comunidade escolar no [blog da biblioteca](#)

Ademais, na revista anual do centro, recibida por toda a comunidade escolar, dáse conta do traballo realizado a través [dun artigo sobre o tema](#), nas páxinas 23 e 24.

9. Avaliación

A avaliación do proxecto foi moi positiva, pódese ver no produto final e na variedade de tarefas realizadas dende cada departamento, así como no coidado da súa elaboración. Cada unha destas tarefas foi avaliada nas correspondentes materias seguindo os criterios de avaliación predefinidos. (rúbricas, listas de cotexo...). Dende un punto de vista máis global, pensamos que acadamos os obxectivos propostos, pois a través do produto final conseguimos que o alumnado mellorase todas as competencias básicas ao tempo que se poñía en valor o idioma de noso a través dunha práctica que asocia o galego coas novas tecnoloxías da información e da comunicación, vinculándoos ademais a través dunha metodoloxía dinámica que fomenta o uso adecuado das novas tecnoloxías con igualdade e equidade a través do traballo cooperativo.

Por outro lado, valoramos moi positivamente a implicación do profesorado e do alumnado, tanto a nivel cualitativo como cuantitativo, o que nos leva a concluír que tamén se acadou

outro dos obxectivos perseguidos: conseguir que a biblioteca se converta nun foco dinamizador do centro.

10. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

Grazas a este traballo o espazo biblioteca cobrou vida como lugar físico de traballo, tanto para o alumnado como para as sesións de reunión do profesorado, por suposto, o equipo de biblioteca puxo todos os medios para que isto fose así, pois é fundamental crear un ambiente de traballo agradable que atraia os usuarios.

Mais alén disto, como xa se indicou, a función da biblioteca escolar foi dobre, por un lado, como coordinadora do proxecto posibilitou o acceso á formación necesaria ao profesorado que participou no mesmo; por outro, colaborou activamente na aplicación das técnicas aprendidas para mellorar a atención que ofrecemos ao alumnado.

Neste último sentido cabe destacar que este proxecto non remata aquí, pois é intención do equipo de biblioteca e do profesorado participante no proxecto seguir xerando códigos QR asociados aos traballos de investigación do alumnado sobre múltiples aspectos asociados a obras de lectura dos fondos da biblioteca. Deste xeito agardamos que esta realidade dunha biblioteca activa e dinámica que empezamos a crear siga aumentando *máis alá da realidade aumentada*.

Ademais de coordinar o proxecto e buscar a formación de profesorado, todo o noso traballo foi desenvolvido no espazo da biblioteca a maior parte do tempo, non só para as reunións senón que aí impartiamos algunha das materias que colaboraban no proxecto, como Ética e Filosofía do dereito, que contaba con pouco alumnado.

Nela atopamos os exemplares dos libros de Os nenos da varíola, ademais de outras fontes de información e de consulta. A partir destas fontes seleccionadas, o alumnado fai buscas e despois a súa aprendizaxe plasmarase no produto final do proxecto.

En todo momento o equipo da biblioteca colaborou co proxecto facendo propostas de fontes de investigación e de lecturas axeitadas.